

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas do día dezaseis de setembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. Garcia Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona M^a del Juncal Capín Fonseca.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada por:

Tendo en conta os expedientes de contratación remitidos a esta Alcaldía correspondentes a adxudicación dos seguintes servizos:

- Aluguer de carpas e mesas para a Open Science Cambre 2019, e
- Servizo de instalación eléctrica temporal para evento Open Science 2019

Tendo en conta que o evento Open Science Cambre está previsto para os días 20 e 21 de setembro, e que, segundo consta na memoria da contratación, as carpas deberán estar montadas 3 días antes do evento para poder organizar o interior, é dicir, o vindeiro mércores 18.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Adxudicación do contrato menor correspondente ao servizo de instalación eléctrica temporal para o evento Open Science Cambre 2019, a prol da entidade licitadora "Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.", no prezo ofertado de 12.396,59 € sen IVE, 14.999,87 € IVE incluído . Expediente núm. 2019/C002/000299

Vista a proposta da Alcaldía de data 13 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 09/07/2019 elaborouse polo enxeñeiro técnico industrial municipal a memoria valorada correspondente á contratación do servizo de instalación eléctrica temporal para o evento Open Science Cambre 2019, cun orzamento total de 13.504,00 euros sen IVE, 16.339,84 euros IVE incluído.

Con data 7/8/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de cumprir as competencias propias que ostenta o concello na materia de ocupación do tempo libre e de promoción da cultura e dos equipamentos culturais, conforme se estipula no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como nas competencias en materia de creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de xuventude conforme ao artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, co fin de cumprir cos obxectivos de fomentar entre os máis xóvenes do municipio un aproveitamento máis racional do ocio e do tempo libre, apoiar aos xóvenes creadores, así como o acceso da xuventude ás realizacións científicas e formación de hábitos de consumo cultural, ao mesmo tempo que se promociona mediante a súa difusión os novos valores no terreo da ciencia e se achega ao público xoven a eventos de carácter cultural e lúdico, todo isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

Con data do 7 de agosto de 2019 emítese informe de fiscalización nº 177/2019, asinado polo interventor municipal.

Con data do 7 de agosto de 2019 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que se xustifica a tramitación do expediente mediante contrato menor.

Con data 13 de agosto de 2019 emítese informe polo animador xuvenil e máis pola coordinadora de actividades culturais e educativas en funcións, no que consta que foron invitadas as seguintes entidades licitadoras:

- Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.
- Electricidad Permuy, S.L.
- Celnor Servicios, S.L.

E que presentaron oferta os licitadores que a seguir se relacionan :

Licitador	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.	12.396,59 €	14.999,87 €
Electricidad Permuy, S.L.	12.809,92 €	15.500,00 €
Celnor Servicios, S.L.	13.223,14 €	16.000,00 €

Formulando proposta de adxudicación do servizo de instalación eléctrica temporal para o evento Open Science Cambre 2019, a prol da entidade licitadora “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.”, con NIF B15025661 e, domicilio na rúa Ermita nº 34, Polígono A Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 12.369,59,00 € sen IVE, 14.999,87 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Vista a proposta do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 12 de setembro actual, e maila Resolución da Alcaldía nº 1820/2019 de data 12 de setembro de 2019.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente á contratación do servizo de instalación eléctrica temporal para o evento Open Science Cambre 2019, cun orzamento total de 13.504,00 euros sen IVE, 16.339,84 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 337.22610 “Programas xuventude”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000300, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato do servizo de instalación eléctrica temporal para o evento Open Science Cambre 2019, a prol da entidade licitadora “Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.”, con NIF B15025661 e, domicilio na rúa Ermita nº 34, Polígono A Grela, 15008 A Coruña, no prezo ofertado de 12.369,59,00 € sen IVE, 14.999,87 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Adxudicación do contrato menor correspondente ao aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019, a prol da entidade licitadora "José Bouza e Hijos, S.L.", no prezo ofertado de 11.000,00 € sen IVE, 13.310,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2019/C002/000300

Vista a proposta da Alcaldía de data 13 de setembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 6/8/2019 elaborouse polo animador xuvenil municipal a memoria valorada correspondente á contratación do aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019, cun orzamento total de 13.000 euros sen IVE, 15.730 euros IVE incluído, xunto co plano de distribución das carpas de data 24/7/2019.

Con data 7/8/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal e a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de cumprir as competencias propias que ostenta o concello na materia de ocupación do tempo libre e de promoción da cultura e dos equipamentos culturais, conforme se estipula no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como nas competencias en materia de creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de xuventude conforme ao artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Xuventude de Galicia, co fin de cumprir cos obxectivos de fomentar entre os máis xóvenes do municipio un aproveitamento máis racional do ocio e do tempo libre, apoiar aos xóvenes creadores, así como o acceso da xuventude ás realizacións científicas e formación de hábitos de consumo cultural, ao mesmo tempo que se promociona mediante a súa difusión os novos valores no terreo da ciencia e se achega ao público xoven a eventos de carácter cultural e lúdico, todo isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

Con data do 7 de agosto de 2019 emítese informe de fiscalización nº 177/2019, asinado polo interventor municipal.

Con data do 7 de agosto de 2019 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que se xustifica a tramitación do expediente mediante contrato menor.

Con data 12 de agosto de 2019 emítese informe polo animador xuvenil e máis polo coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que foron invitadas as seguintes entidades licitadoras:

- José Luis Eventos y Producciones, S.L.
- José Bouza e Hijos, S.L.
- María José Martínez Allegue

E que presentaron oferta os licitadores que a seguir se relacionan :

Licitador	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
José Luis Eventos y Producciones, S.L.	11.500,00 €	13.915,00 €
José Bouza e Hijos, S.L.	11.000,00 €	13.310,00 €
María José Martínez Allegue	12.500,00 €	15.125,00 €

Formulando proposta de adxudicación do aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019 a prol da entidade licitadora “José Bouza e Hijos, S.L.”, con NIF B15405772 e, domicilio en Camiño Real 35, 15572 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 11.000,00 € sen IVE, 13.310,00 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Vista a proposta do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 12 de setembro actual, e maila Resolución da Alcaldía nº 1821/2019 de data 12 de setembro de 2019.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada correspondente á contratación do aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019, cun orzamento total de 13.000 euros sen IVE, 15.730 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2019 337.22610 “Programas xuventude”.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000300, do aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato do aluguer de carpas e mesas para o evento Open Science Cambre 2019, a prol da entidade licitadora “José Bouza e Hijos, S.L.”, con NIF B15405772 e, domicilio en Camiño Real 35, 15572 Narón (A Coruña), no prezo ofertado de 11.000,00 € sen IVE, 13.310,00 € IVE incluído, por ser a entidade que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración aplicable no presente procedemento (factor prezo), sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Óscar A. García Patiño

M^a del Juncal Capín Fonseca